



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** A elaboración da normativa autonómica: visión práctica

**CONVOCATORIA:** AUTONOMICO, 1ª convocatoria

**GRUPO:** Cursos Autonómico

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	30
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Tanto a experiencia como a doutrina especialista en técnica xurídica puxeron de relevo a importancia que a calidade e claridade das disposicións normativas teñen para a súa correcta comprensión polas persoas destinatarias e polos aplicadores do dereito.

O propio Tribunal Constitucional conectou a seguridade xurídica coa técnica normativa, ao afirmar que non se pode subestimar a importancia que para a certeza do dereito e a seguridade xurídica ten o emprego dunha depurada técnica xurídica no proceso de elaboración das normas.

O presente curso, cunha eminente visión practica, ten por obxecto profundizar no proceso de elaboración das normas, distinguindo as súas clases, analizando as particularidades do proceso, a estrutura do seu contido de conformidade coas directrices de técnica normativa aprobadas pola CCAA , o control xudicial e os seus efectos así coma en xeral aqueles aspectos a ter en conta para mellorar a calidade da produción normativa.

### DESTINATARIOS

Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 da Administración autonómica.

### PROGRAMA

Módulo 1. Normas autonómicas con rango de lei. Clases. Procedemento de elaboración. a potestade regulamentaria autonómica. Concepto de regulamento e titularidade da potestade regulamentaria.

Módulo 2. Procedemento de elaboración de regulamentos autonómicos.

Módulo 3. Directrices de técnica normativa.

Módulo 4. Impugnación de disposicións normativas autonómicas.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Cráterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

### 3. DATOS EDICIÓN

**T01**

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 18/05/2026 a 17/06/2026

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

**DATA EXAME:** 22/06/2026 ás 16:30h

**DOCENTES NOMEADOS**

CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA

BEATRIZ ALLEGUE REQUEIJO

SANTIAGO VALENCIA VILA

**LUGAR DE REALIZACIÓN**

Proba final en liña.